

## DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR

- Modelo de solicitude (dispoñible na sede electrónica do Concello e no departamento de Servizos Sociais). A solicitude deberá realizala o/a pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a, ao tratarse de menores de idade.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes (anexo 4).
- Non estar incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiarse de subvencións por parte das administracións públicas, recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que acreditará mediante declaración xurada, segundo o modelo que se achega (anexo 2).
- Fotocopia do DNI, pasaporte, NIE ou documento análogo (dos proxenitores e do/a beneficiario/a, se o ten)
- Certificado da secretaría do centro escolar referido ao/á alumno/a e ao curso no que permanece matriculado/a no curso 2018-2019
- Copia da resolución da Consellería de Educación da contía recoñecida, no curso escolar 2018-2019, para libros de texto e material escolar.
- Informe do centro de ensino coa roupa e material deportivo necesario para o curso académico.
- Factura do gasto realizado, debidamente cumprimentada con todos os datos do/a solicitante e do alumno/a beneficiario da axuda. Deberá constar o detalle do material, dos libros adquiridos, así como a descrición da roupa e material deportivo. A data da factura terá que ser anterior á data de finalización do prazo de presentación da convocatoria.
- Datos bancarios: certificación bancaria do Código IBAN cuñada pola entidade.
- Copia da declaración do IRPF 2017
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria de non estar obrigado/a a declarar. Presentar xustificantes de ingresos do exercicio 2017 de todos os membros da familia (nóminas, certificado do INEM, certificado da pensión, etc.) senón aparecen datos económicos na certificación.
- Título de familia numerosa, se é o caso.
- Certificado de discapacidade superior ao 33%, se é o caso.
- Certificado de unidade familiar monoparental expedido pola Xunta de Galicia, se é o caso.
- Xustificante de gasto de alugueiro (anexo 3), se é o caso.
- Xustificante de pago da hipoteca e declaración de que é a primeira vivenda e habitual (anexo 5), se é o caso, na que consten claramente os datos do titular.
- Certificado do INEM que acredite estar en situación de desemprego e a data de alta como demandante de emprego, se é o caso.
- Certificado do INEM que acredite ser beneficiario/a ou non dalgunha prestación económica e a data de inicio, se é o caso.
- Certificado da secretaría do centro de ensino ou copia da matrícula no caso de que haxa algún membro na unidade familiar menor de 25 anos cursando estudos postobrigatorios ou universitarios.